

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: LECTURA DO INFORME DE XUSTIFICACIÓN DA BAIXA E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE ROZA EN PISTAS EN DIVERSAS PARROQUIAS DA ZONA RURAL DO CONCELLO DE LUGO DURANTE O ANO 2014.-----

Sendo as 13:00 horas do día 5 de maio de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais don Manuel Enrique Chaín, Concelleiro delegado da Área de Infraestruturas e Zona Rural, dona M^a Esther Muñoz Mella, polo Grupo municipal do P.S de Galicia PSOE, don Angel Trabada Gomez polo grupo do Partido Popular, dona Paz Abreira Sobrado polo grupo do BNG, don Marcial Rodríguez Toajas, pola Intervención Municipal, dona Ana Sáez Mancebo titular da Asesoría Xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación procede á lectura do informe técnico emitido polo Enxeñeiro Municipal sobre a xustificación da ofertas considerada anormal ou desproporcionada, presentada pola empresa COPCISA; no que se conclúe que **"a oferta presentada non queda axeitadamente xustificada"**; á vista do cal os membros da mesa acordan aceptar o informe técnico e excluír á oferta presentada por COPCISA. Así mesmo acordan seleccionar como oferta economicamente máis ventaxosa a presentada pola mercantil **MURAT CONSTRUCCION Y MANTENIMIENTO S.L.**, que propón como prezo por quilómetro **107,00 euros** mais o 21% de IVE (22,47 euros) o que fai un importe total de **129,47 euros** IVE incluído.

Asimesmo acordan requirir á sinalada mercantil, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, presente os certificados de non ter débedas de carácter tributario ca Axencia Tributaria e ca Tesourería Xeral da Seguridade Social, unha declaración xurada de non terse dado de baixa na matrícula do IAE o último recibo do IAE; así como ter constituída unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA,

Asdo.: Sonia Méndez García

O SECRETARIO

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz

